

RELATO CURTO

Espellos [Virxilio Rodríguez Vázquez]

Familia [Alberto Comesaña Campos]

O canto do cisne [Bruno Bouvy Vilaboa]

Barco no a, [Pedro Joaquín Peón Estévez]

POESÍA

Dime de ti [Xosé Daniel Costas Currás]

A contraño [Anxo Manuel Rodríguez Ratel]

Camiños de salitre [Anxo Mena Rodríguez]

Así [Anxo Aitor Toro Martínez]


TRADUCIÓN

Talking it over [Raquel Uzal Gómez]

Le Cercle de Meggido [Andrés Trigo Misa]



Universidade de Vigo



Premio 2011 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo



XUNTA DE GALICIA

Universidade de Vigo



Premio 2011
de relato, poesía e tradución
da Universidade de Vigo

Premio 2011 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo

Editan:

Xunta de Galicia,
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,
Secretaría Xeral de Política Lingüística;
Universidade de Vigo,
Área de Normalización Lingüística;
Edicións Xerais de Galicia

Deseño da cuberta: Miguel Vigo
Maquetación: Antonio Doiro

© Universidade de Vigo, 2011
© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2011
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.es
ISBN: 978-84-9914-315-6
Depósito legal: VG 903-2011
Printed in Spain
Impreso en Obradoiro Gráfico, S. L.
Polígono do Rebullón, 52 D
36416 Mos (Pontevedra)

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei,
que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública,
en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica,
ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada
en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera
medio, sen a preceptiva autorización.*

XUNTA DE GALICIA

Universidade de Vigo

 XERAIS

LIMIAR

Na primavera deste ano en que estamos a conmemorar o centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro, entregamos o décimo quinto Premio da Universidade de Vigo de Relato curto, Poesía e Tradución, que presentamos recollidos neste volume.

Entre os galardoados veredes nomes coñecidos, de persoas que, ademais de seren asiduos á nosa convocatoria, xa publicaron en importantes editoriais e os seus méritos foron recoñecidos noutros certames e son reclamados en eventos literarios e culturais fóra da nosa Universidade. Xunto a eles aparecen novas figuras que seguen o seu ronsel e, de seguro, logo pasarán a enriquecer a listaxe de creadoras e creadores en lingua galega.

Na colleita deste ano figura amplamente representada a comunidade universitaria: profeosrado, persoal investigador, alumnado do Programa de Maiores e dos graos dos diferentes ámbitos, científico, tecnolóxico e humanístico, que nos agasallaron con traballos de gran calidade. Entre os premiados e os demais presentados debemos salientar aspectos que se consideran inherentes a persoas que participan na vida universitaria, xa sexa o rigor, a procura da calidade ou a riqueza de recursos


intelectuais. Non obstante, debemos agradecer por riba de todo o grao de compromiso e a enriquecedora participación, que representa orgullosamente a nosa institución.

Que o primeiro premio da categoría de tradución quedase deserto non se debe considerar como falta de calidade, todo o contrario, é clara mostra da escolla de retos difíciles, de decidirse por traballos nada doados, de aceptar o risco de atreverse a enfrontar decisións complicadas; o fácil era escoller textos sinxelos con pouca marxe de erro, polo que debemos valorar moi positivamente todos os presentados.

Coa recollida neste volume da obra premiada, e doutra recomendada polo xurado, a Universidade rexistra para xeracións vindeiras retallos de sensibilidades do noso tempo. Sirva tamén como un impulso para traballos futuros e como convite á participación nas próximas convocatorias.

Dende hai quince anos na Universidade agroma, primavera a primavera, unha festa para que a fala galega dure e continúe, porque a permanencia da fala é a única posibilidade de que nos manteñamos como pobo; unha festa que lle agradaría ao home que fixo que coa súa obra Galicia vivise mil primaveras máis.

SALUSTIANO MATO DE LA IGLESIA
Reitor da Universidade de Vigo



ESPELLOS

Virxilio Rodríguez Vázquez

Primeiro premio

6.59 am

Plautz Hoffenheim saíu do portal pasadas as 7.00 am. Mentres cruzaba a rúa, antes de acadar o outro lado, xirou instintivamente a cabeza para mirar o terceiro andar. Apagara as luces. Ao dobrar a esquina, un refacho de vento fíxoo frear no seu ímpeto. Encolleuse no gabán, a súa man dereita apertou o maletín de coiro, contraeu a mandíbula e tentou recuperar o ritmo acelerado dos seus pasos. Naquela época, as últimas follas, castigadas por unha friaxe invisible, caían, deixando ver unha ringleira de esqueletos flanqueando a grande avenida. Os días de outono comezaban a esmorecer e o ceo gris-chumbo cubría a cidade confundíndose ao lonxe cos edificios cuadriculados de formigón. Apenas uns cantos autos parados ían quedando atrás. Dobrou á dereita. Na calella perpendicular á avenida, leu fugazmente «Mühsamstraße». O son do pisar sobre o asfalto fíxose máis ostensible, case delatador, pensou. Temeroso, sen deterse, mirou os ocos escuros fundidos nas casas de catro alturas. Non albis-cou movemento ningún. Incrementou o ritmo. Aquela paisaxe de perfecta xeometría estendíase coma un tetrís

infinito ata perderse na liña do horizonte. O ángulo recto, simple e pesado á vez, dominaba a arquitectura da cidade. Un obsesivo coma el, subordinado á necesidade de orde e precisión, podía atopar alí certa tranquilidade, certa calma. Ao chegar ao café, espreitou pola vidreira para confirmar que as luces aínda non estaban acesas. No interior, a vella máquina presidía o mostrador, estendéndose nun aceiro mate dun extremo a outro do local. Das paredes brancas, espidas, colgaba un reloxo que coa súa agulla puntiaguda marcaba as 7.30 am. Escoitou o tintineo metálico dos farois. Por un momento sentiu máis escuridade e decidiu cruzar a rúa, unha vez e outra, para continuar. Non quedaba moito ata o río, tiña que chegar á ponte, un punto aberto, sen protección. Quizais, o primeiro punto crítico.

7.36 am

Nacera no norte, nunha cidade chamada Hiddensee. Case non se lembraba do seu pai, que marchara ao pouco de cumprir os catro anos. Vivía coa súa irmá e a súa nai, ao pé da praia, nun dos bloques construídos para as familias da «fábrica». A fiestra abatible do seu cuarto deixaba entrar a brisa salgada ata introducirse en cada recuncho, oxidando os ferros da estrutura que agromaban nas columnas e vigas á vista. Tamén, aquela brisa, enchía os seus pulmóns. Ao respirar profundamente pechaba os ollos e por un intre cría ver, máis alá, un bosque verde de abetos, un alce maxestoso, esvelto, límpido, outro país. Ao abrilos, miraba a praia cuberta de pequenas rochas petroleadas, que se estendían, mesturadas coa area, para rematar rompendo contra a espuma rebelde dun mar vidroso. Detívose. Arrimou o corpo contra a rugosa fachada. Deu unha zancada para acadar o portal. Apoiousse contra a porta da

entrada. Levaba uns zapatos negros, cordóns atados con dobre nó. Sacou a cabeza para comprobar que non viñese ninguén. Despois observou a outra parte do río. A ponte, sen apenas desnivel, cruzaba por riba dun caixón de auga engraxada na que os buracos das paredes vomitaban lixo de xeito intermitente. Cun pequeno chimpote botou a andar sobre o empedrado irregular. Decidido, sen erguer a cabeza que tentaba agochar máis e máis entre os seus ombreiros, sentíase observado. Ben podían estar alí, nas fiestras que facían esquina, en calquera delas, como tantas veces. Ben podían estar chamando, dando o aviso, agardando a orde. Mentres, loitaba contra o túnel de vento que tentaba abatelo cun frío morno, silencioso, demoledor. Unha vez chegou ao lado oposto desviouse da rúa principal e tomou un pequeno atallo por un canellón estreito e afogado, onde o amencer aínda semellaba non ter chegado.

8.02 am

Na escola estudara ruso, e tiña que ler en voz alta, un día á semana, unha pasaxe da *Taciña azul*, de Arkadi Gaidar. Practicaba na casa, diante da mamá, despois da cea e antes de que chegase a hora de apagar a luz. No inverno vía os maiores andar espidos cos seus corpos fumeantes sobre a neve ata fundirse no mar. Despois subían ao edificio, para entrar de novo na sauna. Ao estar máis preto, embaixo, no portal, escoitábaos, distinguindo o acento estranxeiro daqueles homes da fábrica. Disque eran enxeñeiros que estaban a aprenderlles aos da vila a poñer en marcha uns aparellos traídos do leste. Con aquela tecnoloxía por fin poderían ter luz sempre que quixesen, sen deitarse todos os días á mesma hora, tras o apagón. Ao final, volveu saír a unha avenida imponente. Aquí os moles xigantescos erguíanse coma dados caídos

a peso un tras outro, á dereita e á esquerda. Puido ver sobre o asfalto os raís de ferro e identificou a primeira parada. Seguindo a avenida chegaría ao segundo punto crítico. Xa adolescente, ao rematar ximnasia, participaba como guía de grupos de rapaciños. A disciplina era parte do ensino e ao igual que lla aprenderan a el, transmitíalle aos máis cativos. Estaba a estudar linguas, literatura e matemáticas, preparándose para o ingreso na Facultade de Psicoloxía. Xa llo dixeran á súa nai ao pouco de entrar no instituto. Na casa, chegara a comentarlle á mamá a posibilidade de estudar música. Nunca máis se falara do tema. Os seus pasos estaban marcados. A medida que se achegaba á Alexanderplatz, a torre da televisión facíase máis alta e espigada. Atopouse coma un ser indefenso e vulnerable naquela inmensa explanada cruzada por fíos zigzagueantes que confundían o camiño. Un tranvía marelo apareceu ao lonxe. Sen tempo, apertou o paso cara a el. O corazón latexaba con forza. Expirou. Aquel son metálico aproximábase máis, máis e máis. Apurou. O ciclope frontal da máquina iluminaba un trozo do chan cunha tenue luz marela, mesmo semellaba unha lámpada incandescente nun inmenso salón baleiro. Acelerou. Non o podía perder. A tentación de botar unha carreira percorreulle o espiñazo facéndolle ferver o sangue nos pés, nas mans, na faciana toda, pero foi quen de deter aquel impulso. Cun último pulo subiu á cabina. As portas pecharon tras el, comezando o monótono traqueteo. Marcou o billete na maquinaña e cunha soa man pivotou para deixarse caer no primeiro asento. Ninguén. O tranvía atravesou a praza e iniciou a ruta cara ao norte da cidade. Comprobou que aínda levaba o maletín, que xa esquecera, como se pasase a formar parte do seu corpo, nunha sorte de prolongación da súa extremidade superior. Deixouno escorregar suavemente entre os seus pés.

8.41 am

En segundo curso dividíranos por grupos. A el asignárono ao grupo B de Psicoloxía Política. Case todos os compañeiros desta especialidade caracterizábanse por ser calados, serios, carentes de humor, calculadores, observadores e obedientes. É dicir, eran igual que os dos demais grupos pero con trazos, se cabe, esaxerados, o que os convertía no paradigma social. Obviamente, antes de entrar no devandito grupo fixéranlle exhaustivas probas psicolóxicas, que ademais de constatar que carecía de calquera problema cardiorrespiratorio, articular ou motor, puña de manifesto uns sentidos do oído, visión, olfacto e tacto agudos e precisos. A súa capacidade intelectual situábase levemente por riba da media e a resposta ao psicotécnico fora excelente. No terceiro curso, as aulas na universidade comezaron a combinarse con adestramentos semanais no cuartel central. Para cando rematou os seus estudos, perdera practicamente o contacto coa súa nai e coa súa irmá, vivía nun pequeno apartamento situado nun bloque de vivendas obreiras cara ás aforas, e estaba integrado no seu lugar de traballo. O tranvía seguía o seu curso sen deterse. As paradas ficaban orfas ao seu paso. Nos parques, a terra enlamada debido ás chuvias dos últimos días facía charcos baixo os bancos de pedra. Tras o cristal, puido ver a estatua de ferro, rexa, envellecida, cos dous símbolos entrelazados. Naquel lento *travelling* aínda tivo tempo de forzar o pescozo, botando a ollada cara atrás, coma quen quere asegurarse de que a realidade permanecería alí, aínda que el xa non estivese.

9.12 am

Ao principio facía traballo de oficina, identificando perfís, clasificándoos, analizando as fichas e depurando informes, pero pronto o xefe-camarada se decatou das súas cualidades. Destinouno á brigada de seguimento. O traballo era activo. Unha vez recibido o código da operación que indicaba aspectos relativos á prioridade do informe, ás características do suxeito e á súa perigosidade, o axente tiña que facer un seguimento continuado durante días, meses e, ás veces, anos. Plautz Hoffenheim foi acumulando centenaes de fichas que cubría minuciosamente no seu despacho. Non só do suxeito directamente observado, senón de todos cantos o rodeaban, incluso dos máis insignificantes, como a porteira, o condutor que o trasladaba, o repartidor de xornais. Metódico, nun traballo implacable, foi creando un completo arquivo acumulando horas na oficina. En 1987, cando fixou vinte e oito anos, déronlle o prezado ascenso. Ingresou na división dedicada a facer informes dos «Grenzüber», abreviatura de Grenzübershreitende (transfronteiri-zo), persoas que cruzaban a fronteira ao oeste con máis ou menos frecuencia, facendo uso de permisos temporais que rara vez eran superiores a un día. Non sabía moi ben por que, pero el, que medrara na soidade, dentro do organigrama institucional, que nunca sentira grandes emocións ao longo da súa vida, que cumpría, coma un máis, unha función necesaria dentro da engrenaxe mecánica da colectividade, experimentou, naquela noite que precedía á súa primeira misión ao outro lado, unha estrana sensación, certa inqueda, un desasosego que o obrigaba a dar voltas na cama, desconfiando do reloxo-espertador. Quizais, esa estraña sensación ante o descoñecido... Aos poucos días da súa primeira incursión, presentou o informe ante o xefe-camarada. Era un estudo minucioso, fei-

to coa precisión que o caracterizaba, ordenando nunha sucesión cronolóxica perfecta todos os detalles. Despois, as saídas incrementáronse, multiplicándose os expedientes, as fichas persoais de cada suxeito codificado. Pero aquela sensación da primeira vez non desaparecía, ao contrario, repetíase puntualmente con cada misión, e nos últimos tempos incluso xurdía nas noites que non tiña traballo asignado. Aquel sentimento, novo para el, preocupábo; porén, sabedor dos protocolos internos, non dicía lle nada a ninguén.

Cando o tranvía volveu pórse en movemento, os edificios da esquerda, desvencellados, ficaron atrás e de súpeto apareceu ante el un inmenso espazo aberto e máis alá, o muro. Nese rodar en paralelo, o vagón tentaba achegarse a aquela inmensa parede para despois, aos poucos, separarse sen perdela de vista. Unha prancha de cemento armado que se estendía lonxitudinalmente sen principio nin fin, coroada por unha madeixa de espiños de aceiro.

9.56 am

Entre as súas fichas destacaba a de Rudolph Stoos. Tratábase dun burócrata de baixa intensidade que traballaba no Ministerio de Obras Públicas. Nacera no norte, nun pequeno hospital situado ao carón do mar. Ao pouco de vir ao mundo quedara orfo de pai e nai. Sen familia, foi acollido por un orfanato estatal e seguindo as etapas do sistema acabou nunha Fachhochschule, na que se especializou en aspectos técnicos de edificacións urbanas. Unha vez rematada a carreira foi destinado a Berlín, ao Ministerio. A súa monótona vida reducíase a ir da casa ao traballo, rutina só interrompida un día ou dous ao mes, nos que dende o propio Ministerio se desprazaba ao oe-

Estas incursións tiñan carácter oficial, xa que eran realizadas en representación da sección 1.931, da división 756, do servizo central de planificación do Ministerio, e tiñan como finalidade manter entrevistas co seu homólogo do outro lado. Aínda que se trataba de reunións oficiais, estas percorrían nun café situado en Potsdamer Platz. R. Stoos chegaba a media mañá, cando o local estaba concorrido de señores a ler o xornal e señoras a falar. Nunha mesa de mármore, xusto ao carón do cristal que daba á rúa, Stoos sentaba, pedía un café con leite e agardaba mentres lía detidamente o *Frankfurter Allgemeine Zeitung*. Tiña especial interese polos artigos de opinión e detíñase sempre no editorial. Tamén amosaba predilección polas páxinas de información bolsista. Segundo constaba nas notas do informe, as reunións co seu homólogo prolongábanse durante unha hora ou unha hora e media. Stoos pagaba na barra, despedíndose, para dirixirse nunha longa camiñada cara ao centro. Case sempre facía o mesmo percorrido, deténdose a observar algunhas edificacións emblemáticas. Ao cabo dunha hora, entraba nunha librería con escaso público, que traballaba todo tipo de textos, destacando os de lingua inglesa. Alí, sempre segundo as notas que constaban no expediente, Stoos podía pasar entre unha ou dúas horas, dedicado sobre todo á lectura e visión de compendios de arquitectura norteamericanos. Amosaba fascinación polos membros da Prairie School. Tamén botaba unha ollada a libros de música clásica que combinaba con escollas de recompilatorios de jazz. Polo demais, apenas mercaba algún texto de matemática aplicada, ou sobre a resistencia dos elementos, e moi rara vez se detiña a ler escritores estritamente prohibidos, coma Robert Musil, Kafka ou Grass. Rematada a súa visita á librería, regresaba andando, nun traxecto que podería roldar os corenta e cinco minutos, segundo se apuntaba nos informes de seguimento. En todos os seus traxectos,

así como nas súas paradas e visitas, non consta, atendendo aos informes, ningún contacto de R. Stoos con persoa distinta ao seu homólogo, na Potsdamer Platz, pola causa xa referida. Entre lusco e fusco cruzaba o muro e retornaba ao seu cuarto nas aforas da cidade. Nos días seguintes aos das visitas ao oeste, non se apreciaba alteración no comportamento, nin nos hábitos de vida do señor Stoos. Non semellaba experimentar depresións, nin alteracións do sono, cambios de humor, ansiedade, ou calquera outra patoloxía. O cumprimento coas súas obrigas era reprochable, respondendo no seu posto de traballo no Ministerio coma de costume. Segundo os informes, non había motivo ningún para estender o seguimento de Rudolph Stoos máis alá do correspondente á división dos «Grenzüber», o cal era obrigado ao tratarse dun suxeito que debía, por mor das súas funcións, facer incursións periódicas ao outro lado da fronteira.

10.23 am

Cando o tranvía se detivo por última vez, colleu o malestín coa súa man esquerda e baixou lentamente, andando paseniño ata chegar ao Checkpoint. O garda comprobou a documentación de Rudolph Stoos dándolle paso cun xesto afirmativo. Sen perder a tranquilidade que o caracterizaba, cruzou o muro, acadando o punto de control de entrada. Unha vez o superou, dirixiuse a Potsdamer Platz, ao café da esquina. Deste lado había máis rebumbio que de costume. Xa no interior, sentou xunto ao cristal, observando o paso dos mercedes, audis, volkswagens. Unha loura, axustada no seu vestido vermello, desfilou diante da vidreira. A continuación, homes traeados con gravatas azuis foron enchendo as beirarrúas. Abriu o xornal pola sección dedicada ao editorial. Tras agardar

aproximadamente unha hora, entregoulle un marco ao camareiro e emprendeu o camiño. Nalgúns comercios xa se anunciaba o Nadal. Nun valado publicitario puido ler «die Kamarischen». A librería que frecuentaba anunciaba rebaixas por liquidación. Escoitou a sirena da policía. Seguiu a camiñar, sen rumbo, pola grande avenida. Finalmente, ao esmorecer o día entrou nun pequeno hotel onde pediu un cuarto. Pechou a porta.

Aquelas fichas sobre R. Stoos constituían, dende logo, un traballo impecable. A ordenación cronolóxica de cada seguimento completábase cunha descrición minuciosa de cada xesto, de cada acto, de cada ollada, ata introducirse na cabeza do suxeito, nos seus pensamentos, case nos seus sonhos. Porén, na lectura detida daquel dossier, o xefe-camarada atopou certos elementos estraños, raros. Nesas fichas nunca se describía a persoa coa que se reunía Stoos. Por moito que o xefe-camarada revisou as notas, nada puido atopar. Por outra parte, era curioso que un suxeito como Stoos puidese xerar centenas de informes nos escasos dous anos de seguimento. Á fin e ao cabo, como sempre se sinalaba naqueles informes, non había motivo para desconfiar. Porén, ese suxeito indiferente, insignificante, carente de todo valor, era obxecto de atención exclusiva, meticulosa, constante, dun dos mellores axentes da división. De súpeto, relendo aquelas follas pautadas, o xefe-camarada sentiu algo inexplicable, un estraño desacougo, como se naquelas páxinas houbese certa dose de... ficción.

9.37 am

Ao sentar na cama, sentiu un peso inmenso no seu brazo esquerdo, como se alguén turrasedel, obrigándoo a fundirse na profundidade, a desaparecer. Entón, sen alento,

deixou caer o maletín que se abriu ao bater no chan, espaxando sobre a madeira decenas, centenas, milleiros de pequenas fichas mecanografadas que identificaban un informador: Plautz Hoffenheim. Alí, sentiuse a salvo.

9 de novembro de 1989

As poucas semanas, dende o seu cuarto de hotel escoitaba os fogos artificiais e un rebumbio de xente que enchía as rúas ao berro de «¡Freiheit, Freiheit, Freiheit!», mentres vía na televisión como o muro esmorecía a cachos. Un día, ao entrar no hotel, a rapaza de recepción díxolle: señor Stoos, ten vostede unha carta. Procedía da Oficina para a Unificación e nela informábase de que el fora un dos milleiros de suxeitos investigados en segredo pola Stasi. A continuación, emprazábase para poder acceder ás súas fichas gardadas en Berlín-Leste. Á mañá seguinte, Plautz Hoffenheim ergueuse e dirixiuse á sede do antigo cuartel central decidido a recuperar a súa historia.

ESPELLOS
Virxilio Rodríguez Vázquez

FE DE ERRATAS

Páxina	Onde di	Debe dicir
15	En segundo curso dividíranos por grupos	En segundo curso dividíranos por grupos
16	En 1987, cando fixou vinte e oito anos	En 1987, cando fixo vinte e oito anos
17	Porén, sabedor dos protocolos internos, non dicía lle nada a ninguén	Porén, sabedor dos protocolos internos, non dicía nada a ninguén
19	O cumprimento coas súas obrigas era reprochable	O cumprimento coas súas obrigas era irreprochable
19	A continuación, homes traeados con gravatas azuis	A continuación, homes traxeados con gravatas azuis
20	Nun valado publicitario puido ler « die Kamarischen »	Nun valado publicitario puido ler « die Kanarischen »
20	9.37 am	9.37 pm

Índice

Limiar..... 5

RELATO CURTO

Espellos, Virxilio Rodríguez Vázquez..... 9

Familia, Alberto Comesaña Campos..... 23

O canto do cisne, Bruno Bouvy Vilaboa 39

Barco no ar, Pedro Joaquín Peón Estévez..... 51

POESÍA

Dime de ti, Xosé Daniel Costas Currás..... 65

A contrafío, Anxo Manuel Rodríguez Ratel..... 75

Camiños de salitre, Anxo Mena Rodríguez..... 93

Así, Anxo Aitor Toro Martínez 109

TRADUCCIÓN

Talking it over, Raquel Uzal Gómez..... 117

Le Cercle de Meggido, Andrés Trigo Misa 135